

Asperpenlo

CEIP Campolongo.

Pontevedra



Número 18. Xaneiro. 2000


2000:
ANO DE CASTELAO,
que “morreu do mal dos
bos e xenerosos”



- ¿Por que non queres ir á escola, rapaz?
- Porque... porque sempre me pregunta o que non sei.

Autocaricatura de Castelao.
1932.





Pablo, Xuxo, Elena.

50

Asperpenlo

CEIP Campdongo. Pontevedra




NÚMERO 19.

MAIO. 2000



Dalio L.
Beleín G.




¿ERA ROSALÍA A ESPOSA DE MURGUÍA
OU
É MURGUÍA O MARIDO DE ROSALÍA?

- Din que non hai rías máis bonitas
que as nosas.
- Pero xa non teñen peixes.




—Eu hoxe non quería ir á escola, porque... ¡total para o que se aprende nun día...!




—Yo nunca sentí la necesidad de saber gallego.
—Es que esa necesidad no se siente en la barriga.

Centro de Educación Infantil e Primaria Campolongo.
PONTEVEDRA.

Sumario



EDITORIAL	2
FIN DE ETAPA	3
DÍA DA PAZ	4
ENTROIDO	7
FESTA DAS LETRAS GALEGAS	8
OPINANDO	14
ENTREVISTAS	17
FANTASEANDO	19
ECOLOXÍA	22
INVESTIGANDO	26
CREANDO	27
¡AULAS FÓRA!	31
APA SAN XOSÉ	35
BRINCADEIRAS	36
GRACIAS POR VER	36



Edita: CEIP CAMPOLONGO. Pontevedra.

Portada: Pablo Lois e Belén González.

Contraportada: Composición con debuxos de Castelao.

Debuxantes: Xacob García, Elisa A. de la Torre, Darío Castro, Víctor Domínguez, Íñigo Aldatz, Borxa Míguez, Helena Caride, Paulo Lois, Sara Justo, Belén González, Iria Pastor, Alicia Vázquez, Andrea Calvo, Sebastián Martín, Adrián Fernández, Cintia Abuín e Carne Prego.

Tratamento informático: Diego Pernas, Daniel Sánchez, Helena Caride, Paulo Lois, Vicente González, Beatriz Gómez, Helena Rodríguez, Alicia Vázquez, Carlos Sánchez, Andrea Calvo, Carne Carballo, Mónica Caneda, Adrián Figueira, Adrián Fernández, María Artime, Iván Acuña, Hernán Fariñas, Álvaro Fernández, Miriam Viéitez, Lucía Yáñez, Paula Rodríguez, Sara Silva, Borxa Teruelo e Eduardo M. Seco.

Profes colaboradores: Marisol Lorenzo, María Xesús Rodríguez, Sara López, María Tareixa Blanco, María do Carme Cortizo, Cuca Martín, Helena Pardilla, Cristina Freire, Peregrina de Saa e Mercedes Otero.

Fotografía: Marisa Pérez


Agradecementos: A tódalas alumnas e alumnos que colaboraron.

Á directiva da Asociación de Pais San Xosé de Campolongo.

Ás mestras e ós mestres que animaron a *esperpentear* e axudaron a crear esta humilde obra colectiva.

A ti, lector/a amigo/a, que recreas **Esperpento. Maio. 2000** e xustifica-lo esforzo de tanta xente miúda e animada.

Corrección lingüística, maqueta e coordinación xeral: Eduardo M. Seco.



Batantes de sexto de primaria estamos aquí, no CEIP Campolongo, desde os catro anos; e aínda acordámo-los momentos importantes para nós e, como non, as mestras e mestres tamén. Temos nostalxia da profesora Rosa García, con ela xogabamos moito e aprendemos a ler e a escribir. En primaria empezamos con Marina Laredo, con Félix e con María Uxía, que nos ensinaron a sumar, a restar e a multiplicar; pensabamos que era moi difícil e agora sabémolo de memoria, con eles empezaron os cambios e os traballos e unha profe acariciábano-la barriga cando nos doía e ¡pasábano-la dor!

No segundo ciclo aumentaron as esixencias, xa non eramos pequenos. ¡A traballar! María Xesús, Mercedes e Marina Paz ensináronnos moitas cousas, a dividir, a usar signos de puntuación e a estar calados ¡ás veces!

No terceiro e derradeiro ciclo de primaria, que rematamos agora con pena, María Tareixa, María do Carme e Helena aprendéronnos a facer esquemas, a redactar contos e a dividir por decimais. Positivos. Negativos. ¡Máis traballos! “Xa sodes maiores”, oímos de cando en vez. E esforzámonos por levarnos todos ben; por veces esquecémolo porque humanos somos, ¿non?

Antes ca nós, desde 1972, parentes e veciños pasaron por estas aulas e xa son arquitectos, artesáns, médicos, empresarios, profesores, xuíces, políticos, artistas... e todos din que o máis importante é aproveita-lo tempo para poder ser persoas útiles á sociedade.

Lembramos excursións, á Madroa, ó lago Castiñeiras, a Clesa, á Brilat, á Panadería Acuña, a Santiago, ó Grove, á Coruña e ó castelo de Vilasobroso (Ponteareas).

Aprendemos, ademais, arte contemporánea, reciclaxe, xardinería, manualidades, artesanía e cociña. Rescatamos xogos tradicionais e disfrutamos da lectura que nos facilita a biblioteca. Participamos en concursos: Adeslas, Leyma, Voz Natura, Concello de Pontevedra, ONCE, Correos e outros.

Visitámo-lo casco histórico-artístico da nosa cidade, guiados por Paulino Martín. Participamos no programa *Tengo un amigo en La Habana*, colaboramos en festivais, obras de teatro e marionetas. Visitamos museos e exposicións.

Facemos un rogo a Manuel Fontán, concelleiro de xuventude e deporte de Pontevedra, que bote unha miradiña ó noso cole, que tamén foi o seu, para que melloren e conserven as instalacións, ademais de vixia-la limpeza, xa que media Pontevedra xoga aquí, neste colexio público, o de máis alumnado de Pontevedra.

Agora, en setembro, imos comezar outra etapa de formación, pasaremos a secundaria. Véñennos á cabeza estes recordos máis ca nunca; agora non queremos ir ó instituto, antes desexábamolo; os alumnos de alí son moi maiores e nós sentímonos inferiores, en primaria sómo-los veteranos, alí volveremos ser *pitufos*. Pero non nos queda outro remedio, medramos, maduramos e preparámonos para ser máis responsables.

Gracias, Campolongo, por todo o que nos destes en seis ou oito anos de convivencia e de educación en valores. Gracias ós nosos profesores directos e a outros que tamén colaboraron na nosa formación.

Pontevedra, 17 de maio de 2000.

Colectivo 6º de primaria.

Día Internacional do Xaxún Voluntario

O domingo, 13 de febreiro, celebrouse o Día Internacional do Xaxún Voluntario. A Terra pertence a tódolos seus habitantes, pero poucos acaparan as súas riquezas. Con esa frase comeza o manifesto 2.000 de Mans Unidas correspondente á súa nova campaña "Fagamos do mundo a Terra de todos".

Nun comunicado do vernés, día 11 de febreiro, lido na praza da Peregrina Mans Unidas denunciou o inxusto reparto de bens da Terra, que condena á pobreza a máis de 1.500 millóns de personas, excluíndoas duns avances que pertencen a todos e duns dereitos que lles son propios e do acceso ós máis elementais medios de vida.

Os actos reivindicativos continuaron no comedor de San Francisco cunha cea solidaria na que interviu Vicente Ramírez, coordinador da comunidade Primavera de Ixcán en Guatemala, que contou a súa experiencia na loita pola vida e pola Terra, cunha reseña sobre os logros consecutivos na solución das súas necesidades mínimas.

Na actualidade hai numerosas organizacións non gubernamentais (O.N.G.) que recadan diñeiro para proxectos concretos: instalar sistemas de rega en zonas moi secas para que os campos produzan alimentos, conseguir un hospital para un pobo que non o ten ...


Estas organizacións reúnen a xente moi especializada, por exemplo: Médicos sen fronteiras, que son médicos que ó acaba-la carreira dedican un ou dous anos a traballar gratuitamente para eses países que carecen de todo.


Cremos que todos deberiamos axudar sempre nesta causa tan xusta.

David Zamorano Fernández

Estefanía Sánchez Lalín

6º Primaria





CASTELAO: ESCRITOR, DEBUXANTE E ENSAÍSTA

A obra literaria de Castelao comeza con *Un ollo de vidro* (1922).

Cousas (1926) contén 44 relatos ilustrados por el mesmo, que reflicten en prosa poética a maneira de ser dos galegos.

Retrincos (1934) inclúe cinco contos: *O segredo*, *O inglés*, *Peito de lobo*, *O retrato* e *Sabela*, precedidos dun limiar.

Os dous de sempre (1934) é unha novela con dous personaxes contrapostos: Rañolas, espiritual e loitador, fronte a Pedro, lambón e preguiceiro.

Os vellos non deben de namorarse é unha obra de teatro estreada en Bos Aires en 1934, dividida en tres lances (actos), con distintos personaxes e o mesmo argumento do título.

As cruces de pedra na Galiza (1950) é unha obra de investigación sobre o que son para o autor os cruceiros, "a máis típica manifestación artística do noso pobo".

Nos tres anos da guerra civil española (1936-1939) Castelao viaxou por Rusia, Estados Unidos e Cuba expoñendo os horrores da guerra cos seus debuxos: *Galicia mártir*, *Atila en Galiza* e *Milicianos*, publicados en 1937 e 1938.


Sempre en Galiza mostra o pensamento político do autor, ó longo da súa vida, sobre o nacionalismo galego.

Colectivo 4º Primaria.

Castelao e os cruceiros

Falar hoxe de cruceiros en Galicia é falar inmediatamente de Castelao. Así, os expertos califican o seu estudio *As cruces de pedra na Galiza* como a grande obra de erudición da primeira metade do século XX, xa que, segundo Carlos Valle, director do Museo de Pontevedra, "pensou nestas obras como monumentos, cando antes a penas estaban dignificados".

Miguel Campos. 4º Primaria.



Se fose presumido,
parecería un pavo real.
Celebro que faledes tanto de min;
preferiría que fixesedes posibles
os meus soños para Galicia.



iMeu Pontevedra!

Eu vivín longos anos de ledicia en Pontevedra, aferrado á fermosura dos seus arredores, coma quen non pode desprenderse dos brazos mornos dunha noiva. Eu débolle a Pontevedra o mellor da miña vida, e agora padezo saudades da súa paisaxe, tristuras de non vela i espranzas de retornar a ela.

Empezo a ser vello e a vivir de recordos. Algunhas veces acode á miña memoria un cantar de requintada morriña:

*Vai tan lonxe a mocidade,
está tan perto o meu fin,
que ás veces sinto vontade
de poñer loito por min.*

Pero non é que eu enloite o meu espírito porque a mocidade fuxise de min. Eu apénome de non poder ir a Pontevedra, que é unha fonte de xuventude, onde se curan os alifaces da vellez. Volver a Pontevedra sería o mesmo que recobrar a mocidade perdida. E así como Anteo revivía ao caer ao chan, e soio morreu por non poder tocar terra, así eu me libraría da vellez con soio pisar terra pontevedresa.

Penso que si morrese no desterro, os meus ósos non se deixarían consumir até que algún anaquiño deles chegase a Pontevedra. Entón a miña alma cantaría gozosa este cantar:

*Xa morrín, xa me enterrei,
e agora xa estou eiquí.
Nin a terra me comía
sen despedirme de ti.*

Todo, todo, pode acabarse en min, menos o amor que sinto por Pontevedra. Vivo ou morto, alá irei como se di que van os romeiros de San Andrés de Teixido, que *alá van de mortos se non van de vivos*. Pero eu espero chegar vivo para curarme das inxurias do tempo. E no entanto vou coa maxinación...


Para ensoñar mundos de absoluta felicidade, libre da carne mortal que afoga a vida dos vellos, eu séntome á beira do río Lérez. Pouso os meus pensamentos na seda das augas, como as ponlas caídas dos albres que dan sombra. Estou alí horas e horas, ensumido en min mesmo, e deste xeito participo na delicia de San Amaro, cando estivo trescentos anos axexando o Paradiso a través do buratiño dunha porta, ou como don Ero, o fundador da Armenteira, que tamén estivo trescentos anos escoitando a un paxariño.

Para sentir orgullo de ser fillo da terra máis fermosa do mundo, eu rubo ao pinal de Matalobos, que está enriba da eirexa de Salcedo. Séntome nas pedras do valado, e chanto os ollos na ría que durme antre veigas e florestas. Asisto á transformación dun día de sol en noite de luar. Alí sinto, como en ningures, a necesidade cósmica da patria e sei que son un anaquiño de eternidade galega. iMeu Pontevedra!



O dia da torta

Mauco. 2ª Primavera

Addara trouxe «O livro viajante» e nel vino unha receita de facer unha torta e Addara fixo a torta para probala e estaba con papel moi bonito que por enriba tiña unhas follas de outono de liquidar-lar e de carballo americano.



Torta de castañas con dedicatória. ¡Uuuuhhh!



A ÁRBORE FRONTE Á MIÑA CLASE

Diante da miña clase, 4ºA, na que estamos agora, había un abeto nun xardín ó lado do patio destinado ós nenos de 3º, 4º, 5º e 6º, moi cerquiña do edificio do colexio de Campolongo. Levaba aí plantado cerca de 29 anos.


Eu cando acababa os meus traballos, miraba para a árbore e escoitaba o cantar dos paxaros en primavera, e como se mollaban as súas follas en inverno cando chovía. Tamén nos daba sombra cando ía moita calor e cando chovía protexía os cristais da aula das gotas de chuvia. Cando eramos pequenos xogabamos ás agachadas detrás del. Tamén cando había vento parecía que estaba a piques de caer pero ... non, o abeto resistía porque era moi forte. Pero un día, o 20 de outubro de 1999, pouco despois de chegar a clase ocorreu: seis homes tiraron o abeto.

Nós estabamos tomando a lección cando de repente oímo-lo son dunha cortadora automática, que a nós pareceunos o son dunha cortadora de céspede de pao e coitela e, sen máis nin menos, ¡BUM!, a árbore caeu cun estrépito e seco latigazo do entrechocar das ramas e follas contra o chan. Logo oíuse un son estridente, como dunha soldadora, e saíu fume. Agora óese o ruído do vento máis que nunca porque antes a árbore aínda o tapaba. Logo cortárono en anacos para podelo levar e facer mobles e papel con el. ¡Pobre abeto!. Pero vaia, a verdade é que, pola forma da terra estaba xa inclinado e podería caer.

Sentimos moita pena, pero o abeto está no chan e nunca máis o volveremos ver.



Manuel Denis González Couceiro
Xulia Paredes Rendo
4º Primaria



NATURA A TOPE

Somos parte do contorno

As alumnas e os alumnos do colegio de Campolongo andamos neste curso moi ilusionados cos proxectos ambientais *Somos parte do contorno* e *Voz Natura*. Queremos participar nun proceso permanente que nos conciencie do medio natural no que vivimos e nos dea os coñecementos, os valores, as habilidades e as experiencias para resolve-los problemas ambientais.

Vivimos nun medio urbano e aprendemos nun colexio rodeado de espazos naturais con patios interiores e exteriores, zonas verdes e muros de separación.

A mellor maneira de levar a cabo o proxecto é que participemos nós mesmos nos **cambios do contorno** mediante:

- A recuperación e o coidado do espazo que nos rodea.
- A instalación dun viveiro para o propio abastecemento e posibles intercambios con outros centros.
- O inventario e a identificación das árbores da zona de Campolongo.

Con estes proxectos **tentamos**:

1. Comprender e establecer relacións entre os feitos e os fenómenos do contorno.
2. Contribuír activamente á defensa, conservación e mellora do ambiente natural.
3. Potencia-la nosa curiosidade natural para adquirir un coñecemento práctico do contorno a través da observación e da experimentación.
4. Senti-la necesidade de protexe-lo medio natural do que formamos parte.
5. Sentir e actuar de acordo cun compromiso ecolóxico.

Os **contidos** a desenvolver durante o curso están encadrados dentro da área Coñecemento do Medio, pois o máis próximo é o que máis nos interesa. Resumidos quedan así:

- Coñecemento das características xerais da zona.
- Características dun viveiro.
- Clasificación de árbores, arbusto e plantas.
- Plantas con flores e sen flores.
- Utilidade das árbores e das plantas.
- Traballo de campo.
- Actuación en equipo.
- Confección de monográficos, de murais e de catálogos de especies.
- Elaboración dunha guía de identificación divulgativa.
- Identificación e clasificación de materiais e ferramentas de uso común.
- Respecto e coidado polo contorno natural e valoración da súa importancia para a vida e para todos nós.
- Curiosidade polas marabillas e os *milagres* que a natureza ofrece cada ano a quen a queira obsevar.

Como non todos imos face-lo mesmo, os profes estableceron un calendario/horario para os distintos ciclos, de educación infantil e primaria:

1. Grupo de **educación infantil**.

Primeiro trimestre:

- Observación das actividades que se van facendo no contorno.
- Enraizado de acodos en recipientes transparentes.
- Preparación de sementeiros e observación da xerminación.

Segundo trimestre:

- Observación das transformacións que se van producindo.
- Transplante das sementes do primeiro trimestre.
- Montaxe doutros sementeiros e observación da xerminación.

Terceiro trimestre:

- Observación continuada para segui-lo proceso.
- Transplante das sementes xerminadas

2. Grupo do **primeiro ciclo** de primaria.

Primeiro trimestre:

- Delimitación do terreo.
- Preparación de sementeiros e observación da xerminación.
- Plantación de froitos secos.
- Confección de murais do interior, relacionados coa actividade e coa estación.

Segundo trimestre:

- Transplantes de sementes do primeiro trimestre.
- Preparación doutros sementeiros.
- Confección de murais do interior.
- Pintado da parte delimitada do cerrado do centro.

Terceiro trimestre:

- Observación da xerminación dos froitos secos.
- Transplante das sementes dos sementeiros.
- Confección de murais
- Transplante de plantas aromáticas e ornamentais.

3. Grupo do **segundo ciclo** de primaria.

Primeiro trimestre:

- Delimitación do terreo.
- Limpeza da zona que corresponda.
- Instalación de sementeiros e observación da xerminación.
- Transplante das especies dos sementeiros ó viveiro.
- Transplante das especies do viveiro.
- Estudio e tratamento das pragas, se aparecen.

Segundo trimestre:

- Mantemento e coidado dos exemplares plantados antes.
- Transplante dos sementeiros.
- Instalación doutros sementeiros.
- Plantación da árbores froiteiras: pexegueiros, maceiras e ameixeiras.
- Plantación de arbustos ornamentais.
- Plantación de plantas aromáticas e medicinais.

Esperpento

- Elaboración dunha ficha das árbores e especies existentes no recinto escolar co dibuxo correspondente.
- Estudio das pragas que aparezan.
- Pintado da parte delimitada do cerrado do centro.

Terceiro trimestre:

- Mantemento do plantado.
- Elaboración de fichas de identificación das especies.
- Transplantes dos sementeiros.
- Transplante das plantas medicinais, aromáticas e ornamentais.

4. Grupo do **terceiro ciclo** de primaria.**Primeiro trimestre:**

- Identificación das zonas delimitadas con nomes en galego.
- Preparación do terreo de todo o recinto escolar (700 metros cadrados).
- Delimitación do terreo.
- Limpeza da zona.
- Poda das árbores existentes.
- Transplante de especies existentes.
- Preparación de acodos.
- Estudio das pragas, se aparecen.
- Abertura de foxo para plantar arbustos de sebes vivas.

Segundo trimestre:

- Mantemento do contorno.
- Identificación e nomenclatura das árbores da zona de Campolongo.
- Iniciación da elaboración de compost.
- Pintado da parte delimitada do cerrado do centro.
- Plantación de trepadoras nas zonas delimitadas.


Terceiro trimestre:

- Mantemento do contorno.
- Inventario, identificación e nomenclatura das árbores da zona de Campolongo.
- Preparación de acodos.

No primeiro trimestre desenvolvémo-lo traballo previsto, cremos que foi o máis feo porque sachamos, preparamos terreos, fertilizamos e plantamos. O traballo non loce. Esperamos vernos recompensados na primavera, cando empecen a xerminar e florecer sementes, tulipáns, fresías, crotos, carballos, nogueiras e castiñeiros.

Seguiremos contando os resultados e invitámosvos a disfrutar da beleza das plantas e das flores, ... se as chuvias e as xeadas o permiten.

Colectivo 5º Primaria.





O CARBALLO

O carballo é unha árbore grande e robusta, de follas pecioladas con lóbulos anchos e arredondados. É corçuda e lonxeva, pois pode acadar alturas de 40 a 45 metros e algúns exemplares chegan a vivir 1.000 anos. O froito chámase landra ou belota, de forma oval e cunha especie de carapucha que a protexe.

No mundo hai unhas 500 especies de carballos. Os máis comúns en Galicia son:

Carballo común: Nome científico *Quercus robur*. É o máis frecuente en toda Galicia. As follas miden uns 10 cm de longo e teñen unha cor verde típica. As landras agrúpanse de tres en tres ou de dúas en dúas. A súa madeira é nobre, parda, pálida e duradeira; excelente para barcos, mobles ou pisos.

Carballo albar (*Quercus petraea*): De madeira máis pesada e difícil de traballar cá do carballo común. Moi boa para travesas de ferrocarril, postes e cercados. En Galicia dáse en Os Ancares e O Courel, polo leste galego.

Carballo negro, cerquiño ou cerqueiro (*Quercus pyrenaica*): Crece no sur de Galicia. Diferénciase do carballo común porque este ten nas follas os lóbulos máis fondos e as landras están cubertas por unha cúpula ata a metade.

Son da mesma familia dos anteriores:

Sobreira ou corticeiro (*Quercus suber*): Crece nalgunhas zonas cálidas e húmidas do sur de Galicia, especialmente nas Rías Baixas.

Aciñeira ou enciño (*Quercus ilex*): Polas terras do leste, lindantes con León.

O bosque de carballos é unha carballeira, a máis típica de Galicia. Se entre os carballos tamén hai outras árbores chamámoslle fraga.

O carballo, hotel de animais.

No carballo habitan moitos animais, como a pega marza, o corvo, a estrelia riscada, o crebanoces, o ferreiro abeleiro, o ferreiro bacachis, o peto verdeal, o moucho común, o peto real, o rubideiro azul, o papamoscas, a marta, a xoaniña e moitos máis. ¿Coñécelos todos? Eu tampouco, pero estamos a tempo.

Os hóspedes do carballo non son sempre os mesmos ó longo do ano, renóvanse coma se fose un hotel; os inquilinos do outono e do inverno son diferentes dos da primavera e do verán; algúns animais viven alí todo o ano, están a gusto.

Enfermidades do carballo.

Estas árbores están expostas a moitas enfermidades: o mofo branco deixa as follas cunhas manchas brancas, causadas por este fungo microscópico; o oidio é un parásito que chupa o zume das follas e pode chegar a seca-la árbore.

Esperpento

Utilidades do carballo.

- As landras son extraordinarias para alimentar porcos. ¿Gústache o xamón ibérico e o de pata negra? Pois o mérito está nas landras.
- Durante séculos as taboñas de carballo empregáronse para cubrir paredes e teitos das habitacións en pazos, castelos e mosteiros. Tamén se utiliza para marquetería e esculturas.
- Antes do uso do metal e da fibra de vidro empregábase a madeira de carballo para construír barcos. No século XVIII as Armadas Reais empregaban cantidades enormes de madeira de carballo. Desta madeira eran os barcos dos normandos (viquingos).
- O arado romano –arado de pao– era basicamente de madeira de carballo.
- En barricas de carballo envellecen e maduran durante anos certos viños e licores.
- A expansión do ferrocarril no século XIX orixinou o emprego masivo de madeira de carballo para construír travesas.
- Tamén se facían con madeira de carballo os muíños de auga, eses que vemos arruinados en calquera río. Afortunadamente, algúns estanse restaurando e recuperando para que poidan ser visitados e coñezámo-lo pasado recente. ¿Visitaches algunha vez os muíños de O Folón en O Rosal?
- Da sobreira emprégase industrialmente a casca ou cortiza para fabricar rollas coas que se tapan as botellas e os barrís. Tamén como illante de calor, frío e rúidos cando cobren pisos, paredes ou teitos.

O carballo era importante.

O carballo, anque é árbore típica destas terras de clima oceánico, non é tan abundante coma noutros tempos, polas razóns ditas anteriormente e agora pola presión que sofre por culpa das repoboación forestas con piñeiros e eucaliptos, árbores de crecemento máis rápido e de maior beneficio económico inmediato. ¿Que árbores transforma en pasta (celulosa) a fábrica de Celulosas?

Sen embargo, noutros tempos foi moi importante, como o demostran os moitos apelidos e nomes de lugar que seguen presentes entre nós, como Caraballo, O Carballal, Carballedo, Carballeira, O Carballiño, Carballoso. Os que andaron castelanizando nomes sen compaixón non se atreveron con estes e por iso se conservan.

A literatura popular tamén nos dá conta da importancia do carballo en cantigas coma esta:

*O carballo da Portela
ten a folla revirada
que lla revirou o vento
unhas mañá de xeada.*

Poetas actuais como Manuel María tampouco esqueceron o carballo:

*¡Carballos, rexos, potentes,
calados ou musicais
que loitades coma valentes
coas xistras e os vendavais!*

Esperpento

O poeta do Courel

O outono de 1999 foi duro e cruel; ademais doutras desgracias, levou de entre nós a poetas como Uxío Novoneyra, Rafael Alberti e Anne Marie Morris, unha poetisa norteamericana de Illinois que facía versos en galego. Tamén finou don Antonio Fraguas, etnógrafo moi ligado ó Museo de Pontevedra.

Uxío Novoneyra nacera no Courel en 1930 e no Courel quixo ser soterrado, despois de cantar e clamar por Galicia e polas súas xentes. Como poeta civil pregou por Galicia nunha **letanía eterna** de moi poucos versos e de moitas palabras repetidas:

Uxío Novoneyra


GALICIA digo eu / un di	GALICIA
GALICIA dicimos todos	GALICIA
ata os que calan din	GALICIA
e saben	sabemos

GALICIA da dor	chora	á forza
GALICIA da tristura	triste	á forza
GALICIA do silencio	calada	á forza
GALICIA da fame	emigrante	á forza
GALICIA vendada	cega	á forza
GALICIA tapiada	xorda	á forza
GALICIA atrelada	queda	á forza

libre pra servir	libre pra servir
libre pra non ser	libre pra non ser
libre pra morrer	libre pra morrer
libre pra fuxir	libre pra fuxir

GALICIA labrega	GALICIA nosa
GALICIA mariñeira	GALICIA nosa
GALICIA obreira	GALICIA nosa

GALICIA irmandiña
GALICIA viva aínda



Debuxo de LAXEIRO. Vigo, 1971

Tamén invita á acción e á esperanza con estes **alalás encadeados**:

É xa hora de que sexas
Terra patria dos teus
dos que gardaron a fala
en que máis se dixo "adeus"

e sexas dona de ti
e señora de falar
señora de decir
e dona de se negar.

UN HOME BO

Don Antonio e o Museo do Pobo Galego

No outono de 1999 finou don Antonio Fraguas Fraguas, o “primeiro campesiño ilustrado”, fiel ás súas raíces de Cotobade, e un profundo coñecedor da cultura espiritual de Galicia.

O Museo do Pobo Galego, do que foi membro fundador e director, e ó que legou máis de 20.000 volumes da súa biblioteca persoal, ven se-lo mellor monumento á súa vida e á súa obra.

Coñeceu persoalmente a persoeiros da historia recente de Galicia, como Otero Pedrayo, Castelao, Vicente Risco, Antón Losada, Bouza Brey, Filgueira Valverde ou Ramón Piñeiro. Con todos colaborou e puxo sempre o seu saber humilde a disposición de todos e do fuuro de Galicia.

Anque noutros tempos fora fichado como “comunista perigoso”, nunca usou outra arma máis perigosa e contundente có bastón que lle axudaba a soste-la carga dos seus 94 anos.

Os homes da Xeración Nós e os creadores do Seminario de Estudos Galegos soñaron dende comezos do século XX coa existencia dunha institución que recollese e estudiase a cultura material e espiritual galega. Daqueles desexos naceu o Museo do Pobo Galego en 1976.

O Museo nace e desenvólvese gracias ó labor dos homes que adicaron a súa vida ó estudio e á defensa de Galicia, como Ramón Otero Pedrayo, Xaquín Lorenzo, Xosé Filgueira Valverde, Xesús Taboada Chivite, Ramón Martínez López, Antonio Rodríguez Fraiz, Ramón Piñeiro e Antonio Fraguas.

O Museo está instalado no antigo convento de San Domingos de Bonaval, foi cedido polo Concello de Santiago de Compostela. Na actualidade conta con nove salas temáticas dedicadas a estes mundos:

Sala I. O mar.

Reúne unha mostra representativa das embarcacións máis peculiares e que xa están en desuso ou en trance de desaparecer.

Sala II. Oficios/1.

Mostra os obxectos utilizados polos follalateiros, afiadores, cantorleiros (arranxan vaixelas rotas), zarralleiros, zapateiros, albardeiros, zoqueiros, telleiros, serranchíns, carpinteiros, carboeiros, ferreiros, ferradores, pedreiros e canteiros.

Sala III. O campo.

Evolución da paisaxe, sistemas de transporte, apeiros de labranza, pesas e medidas.

Sala IV. Oficios/2.

Dedicada ós cesteiros e ós tecidos.

Sala V. Os oleiros.

Mostra cacharros de barro, o torno e o forno.

Sala VI. O encaixe. O traxe.

Adicada ó oficio de palilleiras e ó traxe típico.

Sala VII. Instrumentos musicais.

Instrumentos musicais antigos; cantigas dende o berce á morte.

Sala VIII. Oficios urbanos.

Referida ós acibecheiros e eborarios (traballan o marfil), prateiros e picheleiros.

Sala IX. Hábitat e arquitectura.

Mostra as modificacións feitas polos humanos no territorio: camiños, terras de labor e edificacións.


As salas do Museo están montadas para que o visitante comprenda o proceso de produción, desde a materia prima ó produto final, pasando polos labores nosos pobo, que creou e crea unha cultura.

Este curso os de 5º visitaremos-lo Museo do Polo Galego para comprobar todo isto e comprender mellor a historia dos nosos antepasados.


Beatriz Gómez Freijo. 5º Primaria.

Don Antonio Fraguas faleceu o 5 de novembro de 1999 ós 94 anos de idade.


Foi a derradeira testemuña da Xeración Nós.



- I. O mar.
- II. Oficios/I.
- III. O campo.



Planta baixa



PONTEVEDRA, CIDADE DA VANGARDA HISTÓRICA GALEGA (1925-1936)


O 25 de outubro do ano pasado os alumnos e as alumnas de 5º e de 6º fomos a unha exposición de pintores galegos encadrados na década anterior á guerra civil española. Na nova sala de arte que abriu Caixa Pontevedra en fronte do colexio puidemos ver, distinguir e admirar cadros abstractos, paisaxes, bodegóns, autorretratos..., que cando os pintaron custaban pouco, pero como chegaron a ser grandes pintores, hoxe están valorados en moitos miles e millóns de pesetas, como o cadro de Castelao *A tentación de Colombina*, o cadro máis grande de Castelao, pintado en Pontevedra en 1917, que está valorado en 50 millóns de pesetas.

Destacan tamén Manuel Torres con *A dama do sombreiro*, Laxeiro con *Trasmundo*, Maside con *Autorretrato*, Arturo Souto con *O arlequín* e Colmeiro con *Paisaxes*.

A exposición foi interesante porque así puidemos coñecer diferentes formas de pintar dos nosos artistas que revolucionaron a plástica galega e converteron a Pontevedra na cidade da vangarda histórica, desde o momento en que as becas de Deputación permitiron a certos artistas coñecer-las correntes estéticas que se desenvolvían noutras terras.

Carlos Maside, Manuel Colmeiro, Manuel Torres, Arturo Souto e Laxeiro son os representantes xenuínos da renovación.

Abraham Ogando Durán. 6º Primaria.




Arturo Souto
Autorretrato



Carlos Maside
Autorretrato
Grabado/madera.
Museo Carlos Maside

ALUMNOS/AS QUE MÁIS LIBROS RETIRARON EN CADA GRUPO: 1º TRIMESTRE		
3º A	Cora Velasco Mercedes Araújo Carmen Alonso	8 libros 7 libros 5 libros
3º B	Esperanza Cachera Jaime García Arturo Castillo	13 libros 13 libros 5 libros
3º C	Lucía Vázquez Natalia Rey Raquel Alonso Martín Rodríguez	9 libros 8 libros 4 libros 4 libros
4º A	Carmen Cores Tamara Vázquez Uxía Vázquez Rocío Esteban	6 libros 4 libros 4 libros 4 libros
4º B	Sara Abilleira Alba García Sandra Chan	9 libros 7 libros 7 libros
4º C	Úrsula Varela Paula Martínez Alba Vera	13 libros 8 libros 7 libros
5º A	Constanza Martínez Laura Fernández Elena Lameiro	13 libros 12 libros 10 libros
5º B	Pablo Besada Ruth Pensado Patricia Dapena	21 libros 16 libros 11 libros
5º C	Sabrina Roca Sara Portos	3 libros 3 libros
6º A	Francisco Piñeiro	4 libros
6º B	Alba Rañal Marta Pazos	4 libros 3 libros
6º C	Sara Reboiras Ainara Reguera María Vázquez Sara Silva	13 libros 12 libros 12 libros 11 libros



Uxía VÁZQUEZ DÍOS 4=



- O «maestro» pegoume hoxe moito ¿sabes?